

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

NOMEAMENTO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE CONCURSO, UNHA PRAZA DE AUXILIAR SALA, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE COMETIDOS ESPECIAIS, GRUPO C - SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA RESERVA PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES, ACCESO LIBRE, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023 TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 8ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, AUTORIZADA POLO ART 217 DO REAL DECRETO LEI 5/2023, DO 28 DE XUÑO.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 5 de decembro de 2024, adoptou entre outros o seguinte acordo, que se reproduce de xeito literal:

"As bases xerais que regulan xunto coas bases específicas, os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira na Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2023 - IC) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal (Disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, do 28 de Decembro, autorizada polo art. 217 do Real Decreto Lei 5/2023, do 28 de xuño), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso, acceso libre publicáronse no BOP núm. 172, do 26.07.2024.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso, unha praza de Auxiliar Sala, da escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, grupo C - subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario, cota reserva persoas con capacidades diferentes, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023 (taxa adicional de estabilización de emprego temporal á que se refire a Disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, do 28 de Decembro, autorizada polo art. 217 do Real Decreto Lei 5/2023, do 28 de xuño), fixéronse públicas no BOP núm. 172, do 26.07.2024.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditado pola persoa aspirante proposta a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento nomeando como funcionario de carreira a:

Don José Urbano Cuevas Mateo, para ocupar a praza número 904, denominada Auxiliar Sala, escala administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, grupo C - subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, da cota de reservada a persoas con capacidades diferentes, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, autorizada polo art. 217 do Real Decreto Lei 5/2023, do 28 de xuño), adxudicándolle o posto de traballo denominado Auxiliar Sala Entrada número 1468, vinculado á citada praza."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Lugo, 10 de decembro de 2024.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

O presente documento estará
exposto no Taboero de
Anuncios desta Deputación
desde o día 11-12-2024
ata a día 31-12-2024
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

R. 3961